

Estimadas familias:

Enviámoslles as instrucións para o encargo dos libros de texto e material escolar 2020-21 no colexio.

- Para encargar os libros no colexio, deben acceder á páxina web www.colexioalborada.es e cubrir o formulario do curso ou cursos correspondentes. Recibirá unha confirmación co seu pedido despois de enviar o formulario.
- Poden encargar todos os libros ou só parte deles. As familias que soliciten fondo solidario da Xunta de Galicia e desexen encargar os libros no colexio, deben marcar todos os libros que desexen encargar e nós nos encargaremos de eliminar os que lles foron concedidos na axuda.
- As solicitudes d@s alumn@s de secundaria con máis de dúas materias pendentes en xuño, así como as que se entreguen fóra de prazo de calquera etapa, non serán cursadas ata o mes de setembro.
- As familias que encarguen os libros de texto no colexio, así como, as que solicitan fondo solidario, serán informadas proximamente por correo electrónico das datas e o horario nos que os poderán recoller. Esta información tamén será publicada na nosa páxina web.
- Aos alumnos de secundaria que soliciten fondo de libros entregaráselle nas datas indicadas no punto anterior só os cadernos, lecturas e/ou material á espera da resolución da Consellería sobre a adxudicación de libros de fondo.
- Os libros de fondo de secundaria entregaranse os primeiros días de clase.
- É imprescindible entregar o cheque da axuda da Consellería (en caso de tela solicitado) debidamente cuberto e asinado pola persoa que solicita a axuda no momento de recoller os libros. Os cheques poderán recollerse no centro os días 29 e 30 de xuño de 9,30 a 13,00 horas.
- O importe dos libros e do material escolar poderá ser abonado polas familias a través do banco en un, tres ou seis prazos ou con tarxeta bancaria no momento da recollida.
- O material escolar de Ed. Infantil e 1º EP encárgase automaticamente no colexio.
- A data límite para a cancelación ou modificación do pedido é o 25 de xuño, agás os alumnos de secundaria con materias pendentes para setembro. En caso de cancelación ou modificación, deberán cubrir de novo o formulario e enviar unha notificación ao correo libreriaclaimo@albotic.com coa palabra "Modificación" ou "Cancelación" no asunto e co nome do alumno e curso no corpo da mensaxe.

Ante calquera dúbida sobre os libros de texto, poden poñerse en contacto con: libreriaclaimo@albotic.com

Os listados de libros por curso e material escolar están dispoñibles na nosa páxina web (www.colexioalborada.es) no apartado de "EDUCACIÓN / LIBROS DE TEXTO".

Un saúdo,
A COMISIÓN DE LIBROS